



Plan de Xestión Integral 2011

**Reserva Mariña de
Interese Pesqueiro**

“Os Miñarzos”



INTRODUCCIÓN

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do plan de xestión

1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

1.2.2. Modificación

1.3. A vixencia do Plan de Xestión

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)

1.4.1. Composición

1.4.2. Funcións

1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

2. A ORDENACIÓN NA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO

2.1. A descrición do espazo

2.1.1. Localización

2.1.2. Delimitación e zonificación

2.1.3. As reservas integrais

2.1.3.1. Limitacións de uso nas reservas integrais

2.1.4. Descrición e análise das zonas de pesca

2.1.5. Descrición e análise das zonas de marisqueo

2.2. A descrición das artes

2.3. As medidas de xestión

2.3.1. Pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*)

2.3.2. Pesqueira da nécora (*Necora puber*)

2.3.3. Pesqueira do choco (*Sepia officinalis*)

2.3.4. Pesqueira da centola (*Maja brachydactyla*)

2.3.5. Pesqueira da raia (*Raja* spp)

2.3.6. Peixes de rocha: sargo (*Diplodus sargus*, *Diplodus vulgaris*) e maragota (*Labrus bergylta*)

2.3.7. Peixes demersais: faneca (*Trisopterus luscus*), pescada (*Merluccius merluccius*), badexo (*Pollachius pollachius*)

2.3.8. Pesqueira do congro (*Conger conger*)

2.3.9. Pesqueira da sardiña (*Sardina pilchardus*)

2.3.10. Pesqueira do percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.3.11. Pesqueira do ourizo (*Paracentrotus lividus*)

2.3.12. Pesqueira do berberecho (*Cerastoderma edule*) e ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)

2.3.13. Pesqueira do longueirón (*Ensis siliqua*)

2.3.14. Pesqueira da mexilla: semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*)

2.3.15. Pesqueira da lapa (*Patella* spp)

2.3.16. Pesqueira dos poliquetos (*Lumbrinereis impatiens*, *Hediste diversicolor*, *Arenicola marina*)

2.4. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip

3. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

3.1. O seguimento científico

- 3.1.1. O equipo técnico e as súas funcións
- 3.1.2. A análise dos datos e indicadores anuais empregados
- 3.1.3. A elaboración e os contidos dos informes

3.2. As medidas de control na reserva

- 3.2.1. O control das entradas e saídas
- 3.2.2. O control das descargas
- 3.2.3. O protocolo do punto de control

3.3. A vixilancia da reserva

- 3.3.1. Dotación e funcións

4. OS ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS: O MONITOREO SOCIAL

5. AS INVERSIÓNS E O FINANCIAMENTO

ANEXOS

ANEXO I: relación de embarcacións do censo e artes de pesca artesanais autorizadas na Remip "Os Miñarzos".

ANEXO II: relación de embarcacións do censo autorizadas a faenar con nasa de centola na Remip "Os Miñarzos".

ANEXO III: relación de embarcacións do censo autorizadas a faenar con raeiras na Remip "Os Miñarzos".

ANEXO IV: relación de embarcacións habilitadas e titulares de permisos de explotación a pé para a explotación de percebe.

ANEXO V: relación de embarcacións habilitadas e titulares de permisos de explotación a pé para a explotación de ourizo.

ANEXO VI: relación de embarcacións habilitadas para a explotación de longueirón.

ANEXO VII: relación de embarcacións habilitadas e titulares de permisos de explotación a pé para a explotación de poliquetos.

ANEXO VIII: relación de titulares de marisqueo a pé: ameixa fina e berberecho.

ANEXO IX: relación de titulares de marisqueo a pé: lapa.

INTRODUCCIÓN

A reserva mariña de interese pesqueiro (en adiante Remip) “Os Miñarzos” é a primeira reserva mariña deseñada polos propios pescadores a través dunha proposta plantexada pola comunidade de pescadores de Lira á administración pesqueira autonómica de Galicia. Este feito é indicativo da súa importancia no contexto dos modelos organizativos sustentables en ecoloxía humana. Nós, os pescadores, pensamos que esta particularidade é esencial, xa que o alto grao de implicación, consenso e colaboración dos pescadores nos proxectos de xestión minimiza os conflitos que xorden noutras áreas mariñas protexidas, facilitando a aceptación e o cumprimento das normas. Defendemos, polo tanto, os dereitos territoriais e de acceso aos caladoiros que historicamente a flota artesanal ven explotando dende hai moitos anos, así como un dereito básico como é a coxestión dos recursos mariños.

Este documento ven a ser, polo tanto, un reflexo do que dende a súa fundación en 1986, o Colectivo Internacional de Apoio ao Pescador Artesanal (CIAPA- ICSF), defende: *“a pesca con base en comunidades de pequena escala representa a forma máis eficaz de lograr unha pesca caracterizada pola equidade social e económica e a sustentabilidade medioambiental, un obxectivo que non pode alcanzarse a menos que os pescadores se involucren de forma adecuada nun proceso de consulta e de participación activa nos mecanismos de toma de decisións”*.

No 2008 a FAO organiza a Conferencia Mundial sobre a Pesca a Pequena Escala, na que máis de 100 delegados de 36 países, representantes da pesca artesanal, das comunidades indíxenas e das organizacións de apoio ao sector, suscribiron a Declaración de Bangkok sobre Pesca a Pequena Escala. Nela se afirma que os dereitos humanos das comunidades pesqueiras son indivisibles, e que o desenvolvemento dunhas pesqueiras artesanais e sustentables só pode acadarse mediante unha abordaxe integrada dos seus dereitos civís, sociais, económicos e culturais.

En marzo de 2009 o Comité de Pesca da FAO (COFI) abordou o tema da pesca artesanal, ou pesca a pequena escala, sobre a que se tomaron varias decisións: o establecemento dun programa de traballo dedicado á pesca a pequena escala, a inclusión dun capítulo especificamente consagrado ao tema no Código de Conduta sobre a Pesca Responsable da FAO, e a preparación dun Plan de Acción Internacional para a Pesca a Pequena Escala.

En abril de 2009, a Comisión Europea, a fin de elaborar o Libro Verde sobre a Pesca, brinda unha excelente oportunidade para que os pescadores a pequena escala e as comunidades pesqueiras artesanais da UE participen activamente na reforma da Política Pesqueira Común (PPC) presentando os seus puntos de vista.

28 de setembro de 2009 representantes da pesca artesanal da UE, de organizacións non gubernamentais, especialistas e investigadores reuníronse nun

seminario para participar na elaboración da reforma da PPC da UE e a pesca a pequena escala **declarando** “o seu compromiso co uso sustentable dos recursos pesqueiros e medioambientais así como un trato xusto e un recoñecemento adecuado para que este sector sexa viable, sustentable e con futuro máis prometedor.”

Entre as conclusións dese seminario, nas que está a traballar o Colectivo Internacional de Apoio ao Pescador Artesanal, atópanse algúns dos obxectivos que se pretenden acadar con este documento:

“1. Aplicar a cada sector pesqueiro un enfoque diferenciado de xestión que lle permita resolver os seus propios problemas de regulación; de xeito que se un sector necesita reducir a súa capacidade, os demais non se vexan obrigados a perder oportunidades de pesca, de emprego ou outros beneficios noutros sectores máis sustentables.

2. Aplicar o principio de subsidiariedade ao manexo da pesca artesanal, asegurando que os sistemas de xestión da información e de toma de decisións incorporen e se guíen polo coñecemento, a experiencia local e as prácticas recomendables baseadas na experiencia.

3. Dar valor aos coñecementos pesqueiros, ecolóxicos e oceanográficos locais e fomentar a colaboración e o intercambio de información entre pescadores e científicos, a fin de facilitar a toma de decisións informadas no ámbito pesqueiro.

4. Implantar plans de xestión e outras medidas de recuperación dos recursos, como as áreas mariñas protexidas de interese pesqueiro, tomando como punto de partida as boas prácticas¹ xa establecidas, partindo das demandas dos pescadores ou mariscadoras locais de pequena escala e as súas comunidades, e garantindo a protección dos seus dereitos de acceso. Tales medidas deben deseñarse de xeito que sexa posible monitorizalas biolóxicamente e socialmente para poder medir a súa eficacia socioeconómica e biolóxica no tempo.”

Dentro da clasificación da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) a Remip “Os Miñarzos” queda encadrada na **Categoría VI: Área Protexida con Recursos Manexados**. A cal, atendendo ás súas características e aos obxectivos que se perseguen coa súa designación, definiríase coma un “Área protexida xestionada principalmente para o uso sustentable dos ecosistemas naturais”. Área que contén predominantemente sistemas naturais non modificados, que é obxecto de actividades de manexo para garantir a protección e o mantemento da diversidade biolóxica a longo prazo, proporcionando ao mesmo tempo un fluxo sustentable de produtos naturais e servizos para satisfacer as necesidades da comunidade”.

¹ Entre as iniciativas salientables neste ámbito atópanse as *Prud’hommes* (confrarías de pesca) do Mediterráneo francés, as **reservas de interese pesqueiro de Lira e Cedeira no Noroeste español, a reserva mariña de interese pesqueiro de La Restinga – Mar de las Calmas**, o Parque Nacional Marítimo de Iroise na costa occidental de Francia e o “Acuerdo de Pesca de Bajura del Canal de la Mancha” entre Francia, Bélxica e o Reino Unido, ou o “Acuerdo de Nasas de Devon” (Sur de Inglaterra).

Tras tres anos de traballo dos pescadores artesanais da comunidade pesqueira de Lira, a reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” tivo o seu reflexo normativo no Decreto 87/2007 do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos”, no que quedan definidos os elementos esenciais que van determinar o funcionamento da reserva, co obxecto de proporcionar unha ferramenta de xestión que asegure o uso sustentable dos recursos no entorno do ecosistema mariño, e cunha filosofía de participación do sector pesqueiro.

A ferramenta de xestión recóllese no Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro, no seu artigo 6 bis, no que se establece que o réxime de xestión da reserva se desenvolverá no marco dun Plan de Xestión que trate de forma conxunta e integrada todos os recursos mariños da zona delimitada pola Remip “Os Miñarzos”.

Toda actividade profesional, tanto pesqueira coma marisqueira, que se vaia desenvolver dentro da reserva mariña queda suxeita ás medidas adoptadas neste Plan de Xestión Integral, en concreto as mencionadas no Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro:

- a) a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente usados na zona: anzois, nasas, artes de enmalle, gancho para centola; nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de Xestión Integral;
- b) a recollida de ourizos, navallas, poliquetos, anémonas, percebes, peneiras ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral;
- c) o marisqueo a pé e a recollida de algas;
- d) a recollida de mexilla, que unicamente se poderá realizar mediante acordo entre as confrarías de pescadores do ámbito da reserva mariña e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo.

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto de creación da reserva, constitúese un órgano colexiado para a xestión, seguimento e control. Na composición deste órgano vese representado o 50% por pescadores artesanais e o outro 50% por representantes da Administración, sen prexuízo de que nel participen, en función dos temas a tratar, outros actores que se poidan ver implicados na propia xestión da Remip (técnicos, seguimento científico, etc.).

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

A través do Plan de Xestión, e dentro da Remip “Os Miñarzos”, perséguese os seguintes obxectivos:

1. protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros.
2. impulsar a pesca e o desenvolvemento sustentable.
3. favorecer os estudos científicos sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras.

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de Xestión

1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

1º. Este Plan de Xestión xurde dun documento-proposta inicial elaborada polos socios da confraría de pescadores de Lira para comentario público, e con base na reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvolvéronse habitualmente no ámbito da reserva de “Os Miñarzos” durante 2010.

2º. A consulta do documento cos censados na reserva pode facerse a través de dous posibles mecanismos:

a) a coordinación da reserva envía o documento de proposta do Plan de Xestión ás entidades asociativas para a consulta daqueles dos seus socios incluídos no censo da reserva;

b) mediante convocatoria da coordinación da Remip de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os censados.

3º. A súa conformidade ou as posibles alegacións remítense á coordinación da reserva, xunto con copia da acta da reunión cos censados, nun prazo de 7 días naturais.

4º. A coordinación da reserva envía ao órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) a proposta do Plan de Xestión xunto coas posibles alegacións e o informe do seguimento científico.

5º. O Oxesco remite informe á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

6º. O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños aproba o Plan de Xestión.

7º. Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao Plan para coñecemento dos usuarios e da cidadanía, e poderá ser consultado na páxina www.pescadegalicia.com.

1.2.2. Modificación

Toda proposta de modificación do presente Plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran pola transcendencia da modificación proposta.

Así, como regra xeral:

- 1º. Remisión das propostas de modificación á coordinación da Remip.
- 2º. A coordinación da reserva remitirá ditas propostas, xunto coa valoración do seguimento científico, á secretaría do Oxesco.
- 3º. A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.
- 4º. Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao órgano de xestión.

1.3. A vixencia do Plan de Xestión

O Plan de Xestión terá como mínimo unha vixencia anual dende a súa entrada en vigor. A súa renovación anual será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que coincida co final do período de vixencia, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)

1.4.1. Composición

O Oxesco está adscrito á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, e ten a súa sede no porto de Lira.

Está constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca:

- a) tres membros representando á consellería competente en materia de pesca;
- b) un representante da consellería competente en materia de medio ambiente;
- c) catro membros en representación das entidades do sector pesqueiro, dos cales dous membros son propostos pola confraría de pescadores de Lira e outros dous propostos pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

O Oxesco reunirse en réxime ordinario dúas veces ao ano, preferentemente en marzo e outubro, e cantas veces o propoña o seu presidente ou o soliciten tres dos seus membros.

1.4.2. Funcións

O Oxesco ten asignadas unha serie de funcións, (artigo 9 do Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro):

- a) a xestión da reserva mariña en todos os elementos previstos no Decreto 87/2007, do 12 de abril;
- b) o seguimento da evolución e estado da reserva mariña no cumprimento dos seus obxectivos pesqueiros e de conservación da flora e fauna mariñas;
- c) propoñerlle á Administración competente as limitacións á navegación e fondeo de embarcacións e outros artefactos no ámbito da reserva;
- d) informar da reserva mariña e dos seus resultados aos pescadores e mariscadores, sectores afectados e ao público en xeral.

Ademais, dentro das funcións enumeradas, realizará as seguintes actuacións específicas:

- a) supervisar e coordinar as actividades do persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva;
- b) emitir informe no procedemento de elaboración e actualización do censo de embarcacións autorizadas a faenar na reserva;
- c) informar o programa de seguimento científico da reserva con anterioridade á súa aprobación, e coordinar o seu desenvolvemento;
- d) propoñer a realización de actividades de formación, información e divulgación en relación coa reserva;
- e) aprobar o plan anual de actuacións;
- f) propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa e condicións de uso dos espazos da reserva;
- g) elevar informes anuais sobre a situación da reserva e da súa evolución.

1.5. A coordinación da reserva e as súas funcións

A coordinación correspóndelle á comunidade pesqueira (confraría de pescadores de Lira), que é a responsable de organizar o traballo diario dos equipos de seguimento científico, de vixilancia e de control de todas as actividades que se desenvolvan no ámbito da reserva. Ademais, ten encomendadas as seguintes funcións:

- a) colaborar co Servizo de Protección de Recursos na coordinación do seguimento e control na área da reserva;
- b) elaborar e presentar o Plan de Xestión Integral, que se fará conforme ao establecido na normativa reguladora e ás instrucións que poidan ditar ao respecto tanto a Consellería do Mar como o Oxesco;
- c) elaborar o informe anual sobre a Remip, para que, unha vez informado polo Oxesco, sexa difundido ao sector, institucións e entidades interesadas para o seu coñecemento;
- d) garantir a recollida e envío de mostraxes relativas ao estado sanitario das augas e especies marisqueiras ao Intecmar;
- e) coordinar o centro de interpretación da reserva.

A coordinación da reserva deberá solicitar autorización, con carácter mensual e cunha anticipación mínima de 10 días hábiles, á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para a realización das actividades de marisqueo e zonas de traballo dentro da reserva a efectos de:

- a) dende esta Dirección Xeral se solicite, con carácter previo á realización da actividade, a seguinte documentación:
 - Intecmar: o informe preceptivo de biotoxinas.
 - aos departamentos territoriais: o informe e/ou a comprobación de que as persoas que van a realizar actividades subacuáticas contan coa titulación correspondente para o exercicio do mergullo.
- b) a Dirección Xeral dite a correspondente resolución autorizando ou denegando a actividade dentro da reserva.
- c) cómputo dos días de actividade para a renovación dos permisos de explotación

A coordinación da reserva deberá remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, ao remate de cada mes, a confirmación da actividade realizada, de acordo coa resolución ditada pola mencionada Dirección Xeral.

2. A ORDENACIÓN NA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO

2.1. A descrición do espazo

2.1.1. Localización

A Remip “Os Miñarzos” localízase dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, no extremo meridional do seo de Corcubión, na provincia de A Coruña. É unha área de pesca aberta ao Océano Atlántico, salpicada por multitude de baixíos e pequenos illotes rochosos que lle confiren á zona unhas características topográficas e ecolóxicas moi específicas.

2.1.2. Delimitación e zonificación

O Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, recolle no seus artigos 3º e 4º os límites tanto da Remip coma das áreas declaradas reservas integrais (Fig. 1).

A reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” esténdese pola zona comprendida entre a liña que delimita por terra a zona marítimo-terrestre, dende punta Raposeiros ata a desembocadura do río Larada, e a poligonal recta definida polos puntos xeográficos seguintes (DATUM WGS-84), abrangendo un total de 2.074,2 ha (Fig. 1).

| Referencias toponímicas | Latitude | Lonxitude |
|-------------------------|---------------|--------------|
| <i>Punta Larada</i> | 42° 50.408' N | 9° 06.359' W |
| <i>Cuberto</i> | 42° 49.608' N | 9° 09.535' W |
| <i>Miñarciño</i> | 42° 48.608' N | 9° 10.490' W |
| <i>Miñarzos</i> | 42° 47.843' N | 9° 10.640' W |
| <i>Cabezo Figueroa</i> | 42° 47.072' N | 9° 09.647' W |
| <i>Lombo da Campa</i> | 42° 47.151' N | 9° 07.872' W |

Dentro do ámbito da reserva mariña delimitáanse dúas áreas de reserva integral, constituídas pola porción daquela comprendida entre a liña que delimita por terra a zona marítimo-terrestre e a poligonal recta que definen os puntos xeográficos seguintes (DATUM WGS-84):

A reserva integral norte, cun total de 78,8 ha:

| Referencias toponímicas | Latitude | Lonxitude |
|----------------------------------|---------------|--------------|
| Punto 1: <i>Carreiros</i> | 42° 48.549' N | 9° 07.104' W |
| Punto 2: <i>A Araña</i> | 42° 49.244' N | 9° 06.645' W |
| Punto 3: <i>Baixada do Vilar</i> | 42° 49.230' N | 9° 06.341' W |

A reserva integral sur, cun total de 61,3 ha:

| Referencias toponímicas | Latitude | Lonxitude |
|---|---------------|--------------|
| Punto 1: <i>Punta Angueiro</i> | 42° 48.135' N | 9° 08.973' W |
| Punto 2: <i>Coca</i> | 42° 48.398' N | 9° 08.939' W |
| Punto 3: <i>Esquina campo de fútbol</i> | 42° 48.191' N | 9° 08.362' W |




Figura 1: Os límites da Remip de “Os Miñarzos” (fonte: UTPB)

Considéranse incluídas dentro dos límites das reservas integrais as zonas comprendidas entre a parte de terra de illa Angueiro e o límite da reserva integral sur, e a parte de terra da illa dos Carreiros e o límite da reserva integral norte; terán por tanto as mesmas limitacións e nivel de protección que as dúas reservas integrais.

O ámbito da confraría de pescadores de Lira esténdese por liña de costa dende punta Larada ata punta Insua, polo que hai unha porción que queda fóra da zona delimitada como reserva mariña; concretamente, a comprendida entre Lombo da Campa e punta Insua. Para facilitar a ordenación dos recursos marisqueiros (percebe, ourizo, lapa, mexilla e poliquetos) o ámbito deste Plan de Xestión será o seguinte: de punta Larada ata punta Insua, **excepto para a explotación de ourizo con técnicas de mergullo, que se limitará exclusivamente ao ámbito da reserva.**

2.1.3. As reservas integrais

A designación das dúas zonas de reserva integral responde á existencia nelas de hábitats especialmente produtivos: dende fondos de area fina, sen outro tipo de substrato nin comunidade vexetal (reserva integral norte), ata fondos rochosos heteroxéneos con abundancia de comunidades algais (reserva integral sur).

Os estudos ecolóxicos e biolóxicos realizados avalaron a proposta dos pescadores locais que as identificaron como criadeiros dos peixes e crustáceos máis significativos, razón pola que decidiron dotalas da máxima figura de protección e renunciar a pescar e a mariscar nelas.

2.1.3.1. Limitacións de uso nas reservas integrais

Dentro das áreas de reserva integral queda prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas. Exceptúanse aquelas actividades e toma de mostraxes destinadas a fins científicos ou para o seguimento da reserva, sempre coa autorización previa da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, logo do informe do Oxesco (art. 6 do Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro).

2.1.4. Descrición e análise das zonas de pesca

Os pescadores teñen un coñecemento moi detallado do mar no que traballan, tanto do medio físico como do comportamento das especies que capturan, é o que se denomina coñecemento ecolóxico local tradicional. Coa intención de seguir aproveitando este coñecemento, propúxose a delimitación de zonas de pesca no ámbito da reserva, quedando establecidas tres zonas (Fig. 2).

Con esta zonificación preténdese, por unha parte, facilitar o rexistro da actividade realizada na reserva, xa que os mariñeiros poden identificar perfectamente cada zona co seu topónimo e, por outra, vai permitir que se separen as capturas segundo as zonas establecidas e, deste xeito, coñecer se existen diferenzas de produción entre zonas, ou diferenzas na talla das especies.

Zona 1: “*Por dentro*”, que inclúe a zona de por terra dos Forcados, por terra da Laxa dos Forcados, A Fos, Pedra Pás, Corniños, punta do muelle, punta Rebordelo, Mar de Lira, Sesebe, Corveiro e Caixido.

É unha zona abrigada, na que se traballa sobre todo en inverno, aínda que pode ser utilizada tamén o resto do ano, dependendo sobre todo do tamaño da embarcación. Nesta zona captúrase polbo, camarón e nécora, que soe ser máis abundante nas zonas preto da costa. Tamén conta con zonas moi propicias para a captura de lumbrigante.




Figura 2: Zonas de pesca na Remip de “Os Miñarzos”

Zona 2: “Os baixos”, que inclúe a zona de por fóra dos Forcados, Os Cubertos, Rama, Miñarciño, As Olgas, Os Cachazos, Os Miñarzos, Libureiro, Angueiro e punta dos Remedios.

Zona formada por unha serie de baixos que son moi adecuados para captura do polbo. Nela predomina o ambiente rochoso alternando con zonas de limpo. En épocas de verán soe ser habitual que se largue o aparello máis preto dos baixos que en épocas invernaís.

Zona 3: “A costa”, inclúe O Seixo, Punta Cabalar, O Cabezo de Figueiroa, Ximprón, Ardeleiro e o Lombo da Campa.

Está formada por ambientes rochosos e areosos e é moi propicia para a captura de polbo e nécora, esta última é máis abundante nas zonas próximas á costa.

2.1.5. Descrición e análise das zonas de marisqueo

Zona A: da boca do río a Maceiras, praia da Lagoa e lagoa de Carrofeito.

Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol.

Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.

Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).

Zona E: baixos denominados Miñarzos, Seixo, Liboreiro, petón de Cabalar, pedra de Ardeleiro, punta de Prouso Rubio, laxiñas da Illa, As Roncadoras e Seixiño da Cruz.

Zona F: baixos denominados Coca, Corbeiro, Corniños, pedra Pas, laxa Mar de Lira, A Marsiosa, Mexilloeira, illa dos Carreiros e As Laxiñas.

Zona G: baixos denominados Forcados, petóns dos Forcados e illa de Angueiro.




Figura 3: Zonas de marisqueo na Remip de “Os Miñarzos”

2.2. A descrición das artes

Clasificación das embarcacións segundo arqueo

| | TRB s | GT s |
|-----------------|---------------|---------------|
| Tipo I | menos de 1,50 | menos de 1,00 |
| Tipo II | 1,50 - 2,49 | 1,00 - 1,74 |
| Tipo III | 2,50 - 4,99 | 1,75 - 4,24 |
| Tipo IV | 5,00 - 7,49 | 4,25 - 7,49 |
| Tipo V | 7,50 - 9,99 | |
| Tipo VI | 10,00 - 19,99 | |
| Tipo VII | 20,00 ou máis | |

Nasa pechada

- **Características:** trampa de forma cilíndrica cunha lonxitude entre 400 e 500 mm, diámetro lateral entre 300 e 350 mm e unha boca de entrada cun diámetro interior entre 120 e 160 mm. Se o recubrimento da nasa é de material ríxido, o lado cadrado dos ocos non será inferior a 10 mm; se o recubrimento é de rede, o tamaño mínimo de malla será de 16 mm. Cada nasa pode levar unha ou dúas bolsas para carnada.

Para a captura de polbo:

- **Horario de uso da arte:** de luns a venres de 07:00 a 17:00 h, podendo quedar caladas diariamente.
- **Descanso semanal:** das 17:00 h do venres a 07:00 h do luns, podendo quedar caladas durante a fin de semana.
- **Número de nasas por embarcación e tripulante enrolado e a bordo:**
 - Tipos I e II:** 50 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 175 nasas.
 - Tipo III:** 100 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 300 nasas.
 - Tipo IV:** 150 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 500 nasas.
 - Tipo V, VI e VII:** 250 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 500 nasas.
- **Impacto da arte sobre o medio:** mínimo.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de "nasa polbo" no seu permiso.

Para a captura de nécora:

- **Horario de uso da arte:** lance nocturno; dende 2 horas antes do ocaso do domingo ata 2 horas despois do orto do venres.

- **Descanso semanal:** dende 2 horas despois do orto do venres ata 2 horas antes do ocaso do domingo.
- **Número de nasas por embarcación:** as mesmas que para a captura de polbo.
- **Impacto da arte sobre o medio:** mínimo.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de “nasa nécora” no seu permiso.

Nasa de centola

- **Características:** trampa de forma cilíndrica cunha lonxitude entre 500 e 550 mm, unha altura entre 400 e 450 mm e unha boca de entrada cun diámetro interior de 250 mm. A nasa é de armazón de varañas de ferro, madeira ou aceiro, e sen envoltura de rede, a separación entre varañas será de 55 mm. Cando estea recuberta de rede, a malla mínima será de 90 mm, e cando estea recuberta doutro material o lado do cadrado dos ocos non será inferior á 50 mm.
- **Período permitido para o uso desta arte (2011):** período autorizado para a pesqueira da centola.
- **Horario de uso da arte:** O horario de traballo será diúrno, das 07:00 h ás 19:00 h. As nasas poderán quedar caladas no mar diariamente.
- **Descanso semanal:** Das 19:00 h do venres ás 07:00 h do luns. As nasas poderán quedar caladas no mar o fin de semana.
- **Número de nasas por embarcación e por tripulante enrolado e a bordo:**
As nasas serán largadas de forma que constitúan caceas. O conxunto delas por embarcación non excederá de 2.000 m. O número máximo é o que se indica a continuación:
 - Tipos I e II:** 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 80 nasas.
 - Tipo III:** 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 100 nasas.
 - Tipo IV:** 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 120 nasas.
 - Tipo V, VI e VII:** 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 140 nasas.

Non obstante, e tendo en conta as dimensións de cada unha das nasas e para os efectos de seguranza, o número de nasas por embarcación será adaptado ao número máximo posible transportable por esta, respectando todas as normas de seguranza establecidas na normativa vixente.

- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións que poderán usar esta arte:** as incluídas no anexo II.
Requisitos para o seu uso: os armadores das embarcacións que contén coas artes de miños, trasmallos ou bicheiro entre as autorizadas no seu permiso, teñen

que solicitalo formalmente. Aquelas embarcacións que contan coa arte de miños e/ou trasmallos terán que renunciar de xeito temporal e expreso a algunha destas artes como requisito necesario para poder ser incluídas no anexo II.

Para a incorporación de novas embarcacións no anexo II, a coordinación da reserva remitirá á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños a solicitude de inclusión, cunha anticipación mínima de 10 días.

Despachos: as embarcacións do anexo II despacharán no apartado de adhesión a un Plan "NASA CENTOLA - RMIP OS MIÑARZOS 2011".

- A porcentaxe de pesca accidental con esta arte non poderá superar o 20 % en peso do total diario.

Miños

- **Características:** arte de enmalle formado por 3 panos de rede. As mallas dos panos exteriores serán de 500 mm e a do pano interior de 100 mm. Cada peza mide 50 m de longo e de 1, 8 a 3 m de alto.
- **Horario de uso da arte:** Cada 24 horas os miños deberán ser levantados do seu calado para recoller as capturas.
- **Descanso semanal:** deberá ser levantada e retirada do seu calado antes das 14:00 h do venres, tendo que estar as embarcacións no porto antes das 15:00 h. As embarcacións poderán saír do porto a partir das 09:00 do domingo podendo ser caladas a partir das 10:00 h, pero non poderán ser levantadas antes do luns ás 06:00 h, debendo regresar as embarcacións a porto e permanecer nel durante ese período.
- **Número de pezas por embarcación:**
 - Tipo I e II: 30 pezas.
 - Tipo III: 65 pezas.
 - Tipo IV, V, VI e VII: 90 pezas.
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** as incluídas no censo da reserva que contén coa arte de miños no seu permiso.

Vetas

- **Características:** arte de enmalle formado por un só pano de rede cunha malla mínima que non será inferior a 60 mm. Para a captura de linguado ou pescada a malla será como mínimo de 80 mm. Cada peza terá unhas dimensións de 50 m de longo e 3 m de alto, como máximo.
- **Horario de uso da arte:** diúrno, pode ser calada 2 horas antes do orto e levantarase 2 horas despois do ocaso, sendo levantada e transportada a porto diariamente na embarcación.

- **Descanso semanal:** non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende 2 horas despois do ocaso do venres, ata 2 horas antes do orto do luns.
- **Número de pezas por embarcación:**
 - Tipos I e II: 30 pezas.
 - Tipo III: 65 pezas.
 - Tipo IV, V, VI e VII: 90 pezas.
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de vetas no seu permiso.

Raeiras

- **Características:** arte de enmalle considerada unha variante das vetas que está formada por un só pano de rede cunha malla mínima de 280 mm. Cada peza ten unha lonxitude máxima de 50 m e unha altura máxima de 2 metros.
- **Período permitido para o uso desta arte (2011):** Período autorizado para a extracción de centola.
- **Horario de uso da arte:** o mesmo horario que o establecido para os miños.
- **Descanso semanal:** o mesmo que o establecido para os miños.
- **Número de pezas por embarcación:**
 - Tipos I e II: 30 pezas.
 - Tipo III: 65 pezas.
 - Tipo IV, V, VI e VII: 90 pezas.
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións que poderán usar esta arte:** as incluídas no anexo III.

Requisitos para o seu uso: que os armadores das embarcacións, que contén coas artes de miños, trasmallos ou bicheiro entre as autorizadas no seu permiso, o soliciten formalmente. Aquelas embarcacións que contan coa arte de miños e/ou trasmallos terán que renunciar de xeito temporal e expreso a algunha destas artes como requisito necesario para poder ser incluídas no anexo III.

Para a incorporación de novas embarcacións no anexo III, a coordinación da reserva remitirá á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños a solicitude de inclusión, cunha anticipación mínima de 10 días.

Despachos: as embarcacións do anexo III despacharán no apartado de adhesión a un Plan "RAEIRAS - RMIP OS MIÑARZOS 2011".

Trasmallos

- **Características:** arte de enmalle formado por 3 panos de rede, os dous panos exteriores cunha malla de 400 mm e a interior de 70 mm. Cada peza ten como dimensións máximas 50 m de longo e 2 m de alto.
- **Horario de uso da arte:** diúrno, pode ser calada 2 horas antes do orto e levantarase 2 horas despois do ocaso, sendo transportada a porto diariamente na embarcación.
- **Descanso semanal:** non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende 2 horas despois do ocaso do venres ata 2 horas antes do orto do luns.
- **Número de pezas por embarcación:**
 - Tipos I e II: 30 pezas.
 - Tipo III: 65 pezas.
 - Tipo IV, V, VI e VII: 90 pezas.
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de trasmallos no seu permiso.

Xeito

- **Características:** arte de enmalle de deriva que está constituída por un pano rectangular estendido entre dúas trallas; a superior conta cun sistema de flotación por boias que permite un calado a profundidade variable, e a inferior que está lastrada con chumbos. Debe permanecer unido á embarcación por un cabo de lonxitude variable, quedando o outro extremo libre. O tamaño da malla non poderá ser inferior a 20 mm. A altura da arte non poderá exceder os 16 m. A lonxitude de cada peza non superará os 70 m, cunha lonxitude de 100 m co pano estirado.
- **Período permitido de uso desta arte (2011):** Dende o 1 de maio ao 30 de setembro. No caso de que o día de San Xoán (día de mellor venda para a sardiña, especie obxectivo desta arte) coincida en domingo ou luns, poderase saír a faenar o día anterior.
- **Horario de uso da arte:** das 12:00 h do luns ás 12:00 h do sábado.
- **Descanso semanal:** das 12:00 h do sábado ás 12:00 h do luns.
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de xeito no seu permiso.

Bicheiro ou gancho

- **Características:** arte de pesca que se utiliza para a captura de centola, consiste nun gancho con dous dentes provisto dunha vara que pode ter diferentes lonxitudes segundo a profundidade á que se traballe. A separación entre dentes, na parte máis estreita, varía entre 120 e 135 mm. Poderase empregar como elementos auxiliares espello e trueiro.
- **Horario de uso:** diúrno.
- **Descanso semanal:** Dende as 24:00 h do venres ata as 24:00 h do domingo.
- **Impacto sobre o medio:** mínimo.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de bicheiro no seu permiso. Unha mesma embarcación poderá alternar na mesma xornada o bicheiro e a nasa de centola. Esta medida está xustificada pola alta selectividade de ambas artes e porque a pesca con bicheiro require dunhas condicións especiais do estado da mar (augas moi claras e en calma), condicións que poden cambiar facilmente ao longo da xornada, sen que sexa posible efectuar o cambio de arte no rexistro de actividade pesqueira despois das 10:00 h da mañá.

Liña / cordel

- **Características:** constituído por un o varios anzois.
- **Descanso semanal:** Dende as 24:00 h do venres ata as 24:00 h do domingo.
- **Impacto da arte sobre o medio:** mínimo.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de liña/cordel no seu permiso.

Palangre de fondo

- **Características:** constituído por unha tralla, denominada madre, cunha lonxitude máxima de 5.000 m do que parten cabos máis finos, denominados brazoladas, ás que se empatan os anzois. O número máximo de anzois é de 2.000, tendo unha distancia mínima entre brazoladas de 2,50 m.
- **Descanso semanal:** Dende as 24:00 h venres ata as 24:00 h do domingo
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de palangre de fondo no seu permiso.

Palangrillo

- **Características:** constituído por unha tralla denominada madre cunha lonxitude máxima de 3.000 m do que parten cabos máis finos, denominados brazoladas ás que se empatan os anzois. O número máximo de anzois é de 1.000. Cando esta arte é utilizada para a captura de congro lástrase cuns pesos para que quede apoiado no fondo.
- **Descanso semanal:** dende as 24:00 h do venres ata as 24:00 h do domingo
- **Impacto da arte sobre o medio:** non se observa.
- **Embarcacións:** todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de palangrillo no seu permiso.

Gancha a pé

- **Características:** arte de marisqueo a pé coas seguintes dimensións: separación de 20 mm entre variñas; 320 mm de platina; 13 dentes cunha lonxitude de 55 mm e 10 mm de malla no cope.
- **Zona de uso:** praias da Lagoa e de Carrofeito e Portocubelo.
- **Persoas autorizadas para o seu uso:** titulares de marisqueo a pé incluídas no censo da reserva.

Mergullo

Técnica empregada para a captura de ourizo, longueirón, e poliquetos.

- **Características:** mergullo en apnea (ata 10 metros de profundidade) e mergullo con subministro de aire dende superficie (ata 12 metros de profundidade e con tempos no fondo que non requiran descompresión).
- **Embarcacións autorizadas:** as incluídas nos anexos V, VI, e VII, e que se corresponden coas incluídas no censo da reserva que contan no seus permisos de explotación coas modalidades de ourizo (Z5), longueirón (Z5) e poliquetos (Z5).
- **Titulación dos participantes:** todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder desenvolver a súa actividade no marco deste Plan de Xestión; de non ser así, serán excluídos da relación adxunta á resolución de autorización mensual.
- **Plan de seguridade:** coa primeira solicitude para a autorización mensual deberá achegarse o plan de seguridade, ademais de indicar o nome do mergullador que exercerá como xefe de equipo.

2.3. Medidas de xestión

As medidas de xestión para as diferentes pesqueiras da RMIP son as que se recollen neste epígrafe. No caso de non indicarse unha regulación específica, aplicarase o disposto na normativa xeral vixente.

2.3.1. Pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*)

2.3.1.1. Descrición da pesqueira

A pesca do polbo realízase con nasa de luns a venres, deixando o aparello no mar todos os días, incluída a fin de semana. Normalmente os aparellos largados nun lance permanecen no mar 24 horas, este lance coñécese na zona como “meixoadá”. É habitual que na mesma xornada de pesca se acompañe este lance doutro lance curto, de 4 horas de duración media, no cal o aparello se larga e se recolle na mesma xornada de pesca.

O polbo captúrase en todo o ámbito da reserva, sobre todo nas zonas cercanas á costa e nas proximidades dos numerosos baixos.

2.3.1.2. Regulación da pesqueira

- **Peso mínimo:** 1 kg.
- **Tope de captura:** 40 kg por tripulante enrolado e a bordo por día, máis 40 kg por embarcación e día.
- **Período de captura autorizado (2011):** do 3 de xaneiro ao 31 de maio e do 1 de agosto ao 30 de decembro
- **Arte/s de pesca:** nasa pechada.
- **Especies accesorias da pesqueira:** *Necora puber* (nécora), *Palaemon serratus* (camarón).

NOTA: Ademais dos dous meses de veda do polbo, acórdase poder ampliar 1 mes máis a veda nalgunha das 3 zonas de pesca da reserva, en virtude do estado do recurso. Esta mesma medida aplicarase á pesqueira da nécora e do camarón.

2.3.2. Pesqueira da nécora (*Necora puber*)

2.3.2.1. Descrición da pesqueira

A nécora é capturada coa mesma nasa que a empregada para a captura do polbo, pasando a ser a especie obxectivo cando estas nasas son largadas nunhas zonas moi concretas preto da costa en épocas moi determinadas do ano.

2.3.2.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 5,5 cm.
- **Tope de captura:** 40 exemplares por tripulante enrolado e a bordo por día.
- **Período de captura autorizado (2011):** do 3 ao 5 de xaneiro, e do 1 de agosto ao 30 de decembro (ver nota do período autorizado na pesqueira do polbo).
- **Arte/s de pesca:** nasa pechada.
- **Especies accesorias desta pesqueira:** *Octopus vulgaris* (polbo), *Palaemon serratus* (camarón).
- **Capturas accesorias:** permítese como captura accesorio ata un máximo de 8 pezas de polbo, que deberán cumprir coa talla mínima establecida para o ámbito da reserva.

2.3.3. Pesqueira do camarón (*Palaemon serratus*)

2.3.3.1. Descrición da pesqueira

O camarón é capturado coa mesma nasa que a empregada para a captura do polbo e a necora. Normalmente é unha especie accesorio das dúas pesqueiras citadas anteriormente, podendo pasar a ser a especie obxectivo cando estas nasas son largadas nunhas zonas moi concretas preto da costa en épocas moi determinadas do ano.

2.3.3.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** segundo a normativa vixente.
- **Período de captura autorizado (2011):** do 2 ao 7 de xaneiro e do 1 de agosto ao 30 de decembro (ver nota do período da pesqueira do polbo).
- **Arte/s de pesca:** nasa pechada.

2.3.4. Pesqueira do choco (*Sepia officinalis*)

2.3.4.1. Descrición da pesqueira

O choco péscase con artes de enmalle, o que implica que diminúa a súa selectividade. Sen embargo, en certas épocas do ano convértese en especie obxectivo ao largar os aparellos naquelas zonas onde é máis factible capturar este recurso.

2.3.4.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 8 cm.
- **Tope de captura:** sen topes.
- **Período de captura autorizado (2011):** todo o ano.
- **Arte/s de pesca:** artes de enmalle (miños).

2.3.5. Pesqueira da centola (*Maja brachydactyla*)

2.3.5.1. Descrición da pesqueira

A pesqueira da centola con nasa é moi selectiva, xa que o tamaño da boca permite que entren e saian sen problemas os individuos de tamaños pequenos, e non provoca a morte dos individuos capturados.

O bicheiro é unha arte de pesca tradicional altamente selectiva que se utiliza para a captura da centola en zonas preto da costa. É habitual utilizala xunto cun espello ou mirafondos como elemento auxiliar.

As artes de enmalle son menos selectivas, xa que son trampas de barreira nas que "mallan" outras moitas especies, sen embargo cando a especie obxectivo é a centola, o que realmente selecciona á especie e o coñecemento do patrón, que largará en zonas propicias para a pesca desta especie.

2.3.5.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 13 cm. (lonxitude do caparazón, eixo antero-posterior, sobre a liña mediana dende o borde do cefalotórax, entre os dous rostros, ata o borde posterior do cefalotórax).
- **Tope de captura:** 30 kg/tripulante enrolado e a bordo/día.
- **Período de captura autorizado (2011):** do 2 ao 7 de xaneiro; do 13 de febreiro ata o 30 de xuño; e do 11 ao 30 de decembro de 2.011. Durante o mes de xuño non está permitida a captura de femias de centola.
- **Artes de pesca:** nasa centola, enmalle (miños, raeiras, e trasmallos), bicheiro ou gancho.
- **Especies accesorias desta pesqueira:** *Raja* spp. (raias) cando se traballa con raeiras ou miños, peixes de roca cando se traballa con miños, *Sepia officinalis* (choco) cando se traballa con miños e *Necora puber* (nécora) cando se traballa con nasa de centola.

2.3.6. Pesqueira da raia (*Raja* spp.)

2.3.6.1. Descrición da pesqueira

A raia péscase con artes de enmalle, sendo a especie obxectivo en determinadas épocas do ano; as especies accesorias desta pesqueira varían dependendo da arte utilizada.

2.3.6.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 40 cm.
- **Tope de captura:** sen topes.
- **Período de captura autorizado (2011):** todo o ano.
- **Artes de pesca:** artes de enmalle (raeiras e miños).
- **Especies accesorias desta pesqueira:** *Maja brachydactyla* (centola), *Sepia officinalis* (choco) e peixes de rocha.

2.3.7. Pesqueira dos peixes de rocha: sargo (*Diplodus sargus*, *Diplodus vulgaris*) e maragota (*Labrus bergylta*)

2.3.7.1. Descrición da pesqueira

Estes peixes péscanse con artes de enmalle e palangrillo, sendo as especies obxectivo destas artes en determinadas épocas do ano. As especies accesorias varían dependendo da arte utilizada.

2.3.7.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 22 cm para o sargo e 20 cm para a maragota.
- **Tope de captura:** sen topes.
- **Período de captura autorizado (2011):** todo o ano.
- **Arte/s de pesca:** artes de enmalle (miños) e palangrillo.
- **Especies accesorias desta pesqueira:** *Maja brachydactyla* (centola) e *Sepia officinalis* (choco).

2.3.8. Pesqueira de peixes demersais: faneca (*Trisopterus luscus*), pescada (*Merluccius merluccius*) e badexo (*Pollachius pollachius*)

2.3.8.1. Descrición da pesqueira

Estes peixes péscanse con artes de enmalle e de anzol, sendo as especies obxectivo destas artes en determinadas épocas do ano. As especies accesorias desta pesqueira varían dependendo da arte utilizada.

2.3.8.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** badexo: 30 cm; faneca: 20 cm; pescada: 27 cm.
- **Período de captura autorizado:** todo o ano.
- **Arte/s de pesca:** artes de enmalle (miños e vetas) e artes de anzol (liña, palangre de fondo e palangrillo).
- **Especies accesorias da pesqueira:** *Labrus bergylta* (maragota).

2.3.9. Pesqueira do congro (*Conger conger*)

2.3.9.1. Descrición da pesqueira

O congro captúrase na reserva con palangre de fondo e palangrillo, en épocas puntuais do ano.

2.3.9.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 58 cm.
- **Tope de captura:** sen topes.
- **Período de captura autorizado (2011):** todo o ano.
- **Arte/s de pesca:** palangre de fondo para congro e palangrillo.

2.3.10. Pesqueira da sardiña (*Sardina pilchardus*)

2.3.10.1. Descrición da pesqueira

O xeito é unha arte de pesca que se utiliza só en épocas moi concretas.

2.3.10.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 11 cm.
- **Tope de captura:** sen topes.
- **Período de captura autorizado (2011):** do 1 de maio ao 30 de setembro.
- **Arte/s de pesca:** enmalle (xeito).

2.3.11. Pesqueira do percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.3.11.1. Descrición da pesqueira

É unha extracción absolutamente selectiva porque o recurso a extraer é totalmente visible, o que permite realizar unha certa selección dos exemplares, tendo en conta que ao tratarse dunha especie que vive formando agregados, xunto cos exemplares de talla comercial se podan arrancar outros que carecen de interese comercial. É unha especie que acada un elevado prezo de venda, sobre todo en épocas puntuais onde a súa cotización acada valores moi elevados.

2.3.11.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 15 mm medidos no diámetro maior da base do capítulo (DMBC).
- **Embarcacións / tripulantes / percebeiras a pé autorizados** (anexo IV):
 - Embarcacións / tripulantes habilitados: 9 / 19.
 - Percebeiras a pé: 13.
- **Cotas máximas de captura:**
 - **Embarcación:**
 - Cota de captura neta: 5 kg por tripulante habilitado enrolado e a bordo por día.
 - Cota de captura bruta: 7 kg por tripulante habilitado enrolado e a bordo por día.
 - NOTA:** os percebeiros das embarcacións poderán descargar no punto de control unha cota en peso bruto de 7 kg por tripulante e día e, unha vez alí, terán que facer a escolla (rexeitando os restos de individuos de talla ilegal, arneirón, mexillón,...)
 - **A pé:** cota en peso neto de 5 kg por percebeira e día.
- **Época de extracción autorizada (2011):** de xaneiro a decembro.
 - **Embarcación:** 82 días.
 - **A pé:** 40 días.
- **Artes de pesca:** raspeta, cun ancho máximo de 40 mm., e trueiro
- **Horario de traballo:** dende 2 horas e media antes ata 1 hora e media despois da baixamar diúrna, sen exceder das 17:00 horas.
- **Zonas de extracción:**
 - **Embarcación:** zonas E, F, G e dende Lombo da Campa ata punta Insua.
 - **A pé:** zonas B, C, D e dende Lombo da Campa ata punta Insua.

2.3.12. Pesqueira do ourizo (*Paracentrotus lividus*)

2.3.12.1. Descrición da pesqueira

A súa captura manual, ben a pé ou co emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, fai que esta pesqueira sexa selectiva e respectuosa co medio. A súa extracción céntrase nos meses nos que as gónadas (únicas partes comestibles) acadan a

súa madurez, e poden chegar a representar o 15% do peso total do animal. A partir do mes de abril é cando se produce o desove masivo desta especie.

2.3.12.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:**
 - *Embarcación:* 55 mm de diámetro.
 - *A pé:* 60 mm de diámetro.
 - **Embarcacións / mergulladores / mariscadoras a pé autorizados (anexo V):**
 - Embarcacións e mergulladores habilitados: 9 / 24.
 - Mariscadoras a pé: 14.
 - **Cota máxima de captura:**
 - *Embarcación:* 100 kg por mergullador enrolado e a bordo por día, ata un máximo de 300 kg por embarcación cada día.
 - *A pé:* 30 kg por mariscadora e día.
 - **Época de extracción autorizada (2011):** de xaneiro a abril e de novembro a decembro, un máximo de:
 - *Embarcación:* 50 días
 - *A pé:* 20 días
- NOTA:** Atendendo aos criterios técnicos, a actividade dentro e fóra da reserva desenvolverase nas mesmas xornadas.
- **Horario de traballo:**
 - *Embarcación:* de 9:00 h a 15:00 horas
 - *A pé:* dende 2 horas antes ata 2 horas despois da baixamar diúrna sen que se poda exceder das 17:00 horas.
 - **Arte/s de pesca:**
 - *Embarcación:* mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, baixo as condicións recollidas neste Plan para o exercicio do mergullo.
 - *A pé:* manual, axudándose dunha fouce e dun trueiro.
 - **Zonas de extracción:**
 - *Embarcación:* submareal (ata 12 metros de profundidade) das zonas 1, 2 e 3.
 - *A pé:* intermareal das Zonas B, C, D e dende Lombo da Campa ata punta Insua.

2.3.13. Pesqueira de berberecho e ameixa fina (*Cerastoderma edule*, *Ruditapes decussatus*)

2.3.13.1. Descrición da pesqueira

A extracción de berberecho e ameixa fina realízase a pé e manualmente, en zonas do intermareal areoso que quedan en descuberto coa baixamar. Unha vez rematada a extracción, os exemplares son pasados por unha peneira na mesma praia para desbotar aqueles que non acaden a talla comercial que serán devoltos de inmediato ao seu medio. É unha pesqueira totalmente selectiva e respectuosa co medio xa que ao subir a marea quedan tapados os ocos que se puideron facer durante a extracción, e a praia recupera o seu aspecto previo.

2.3.13.2. Regulación da pesqueira

- **Tallas mínimas:** as establecidas para o resto de Galicia.
- **Mariscadoras a pé autorizadas:** 28 (anexo VIII).
- **Cota máxima de captura:**
 - Berberecho: 10 kg por mariscadora e día
 - Ameixa fina: 2 kg por mariscadora e día
- **Época de extracción autorizada (2011):** de xuño a setembro e decembro, cun máximo de 5 días anuais.
- **Horario de traballo:** dende 2 horas antes ata 2 horas despois da baixamar diúrna, sen que se poda exceder das 17:00 h.
- **Arte/s de pesca:** sacho, rastroño e gancha a pé.
- **Zonas de extracción:** zona A, praia da Lagoa, lagoa de Carrofeito e praia de Portocubelo.

2.3.14. Pesqueira do longueirón (*Ensis siliqua*)

2.3.14.1. Descrición da pesqueira

A extracción deste recurso realízase con técnicas de mergullo (en apnea ou con subministro de aire dende superficie). Os exemplares son recollidos a man, un a un do substrato, con coidado para non separar a carne da cuncha e para que non se rompa o pé. Esta técnica é totalmente selectiva xa que o mergullador está vendo directamente os exemplares que vai a coller e respectuosa co medio.

2.3.14.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 100 mm.
- **Embarcacións e mergulladores habilitados:** 6 embarcacións e 18 mergulladores (anexo VI).

- **Tope de captura:** 15 kg por mergullador enrolado e a bordo por día.
- **Época de extracción autorizada (2011):** dende marzo ata decembro, cun máximo de 60 días anuais.
- **Horario de traballo:** das 09:00 h ás 15:00 h.
- **Arte/s de pesca:** a man con técnicas de mergullo, tanto en apnea coma con aire subministrado dende a superficie, baixo as condicións recollidas neste Plan para o exercicio do mergullo.
- **Zonas de extracción:** submareal da praia de Carnota, (ata 10 metros para o mergullo en apnea e 12 metros co subministro de aire dende superficie).
- **Observacións:** cando a técnica de mergullo utilizada sexa a de aire subministrado dende a superficie, as embarcacións que usen dita modalidade terán obrigatoriamente que pasar polo punto de control da Remip.
- **Ampliación no 2011:** incorporación de 3 novas embarcacións do censo actual da reserva, cada unha delas con 3 mergulladores, durante o período de vixencia deste Plan de Xestión.

2.3.15. Pesqueira da mexilla (semente de *Mytilus galloprovincialis*)

2.3.15.1. Descrición da pesqueira

A mexilla é a cría do mexillón e extráese para o seu traslado e engorde en bateas ou liñas de cultivo. Forma agregados moi compactos nas rochas, chegando a cubrir grandes extensións. As “placas” de mexilla arríncanse utilizando unha rasqueta, espátula ancha de metal cun longo mango de madeira. Este recurso só é explotable ata un certo tamaño: o axeitado para o seu encordado na batea e posterior engorde. É un método selectivo con pouco impacto no medio.

2.3.15.2. Regulación da pesqueira

- **Embarcacións/tripulantes habilitados/mariscadoras a pé:** (anexo IV).
 - Embarcacións / tripulantes habilitados: 9 / 19 (unicamente aquelas que contén no seu permiso coa modalidade de percebe dende embarcación)
 - Mariscadoras a pé: 13.
- **Cota máxima de captura:** O tope de captura virá marcado polo número de bateas coas que se asine convenio para abastecelas, ata un máximo de 3.500 kg por batea.
- **Época de extracción autorizada (2011):** De xaneiro a abril e en decembro, un máximo de 70 días tanto a pé coma dende embarcación.
- **Horario de traballo:** dende 2 horas e media antes ata 1 hora e media despois da baixamar diúrna, sen exceder das 17:00 horas.
- **Arte/s de pesca:** rasqueta.

▪ **Zonas de extracción:**

- Embarcación: zonas E, F, G , de Lombo da Campa a punta Insua.
- A pé: zonas B, C, D e de Lombo da Campa a punta Insua.

2.3.16. Pesqueira da lapa (*Patella vulgata*)

2.3.16.1. Descrición da pesqueira

Extráese, na zona intermareal, a man coa axuda dun utensilio, normalmente un coitelo, para desprendela das rochas. Ao tratarse dun recurso que non forma piñas e que se encontra en zonas de fácil acceso, permite realizar unha boa escolla dos exemplares, polo que a súa explotación é moi selectiva.

2.3.16.2. Regulación da pesqueira

- **Talla mínima:** 20 mm.
- **Mariscadoras a pé autorizadas:** 6 (anexo IX).
- **Cota máxima de captura:** 20 kg por mariscadora e día.
- **Época de extracción autorizada (2011):** todo o ano, cun máximo de 25 días.
- **Arte/s de pesca:** A man ca axuda dun coitelo de punta redondeada.
- **Zonas de extracción:** Zonas B, C, D e de Lombo da Campa a punta Insua.

2.3.17. Pesqueira de poliquetos (*Lumbrinereis impatiens*, *Hediste diversicolor*, *Arenicola marina*)

2.3.17.1. Descrición da pesqueira

Os poliquetos teñen como destino o uso como cebo para a pesca de lecer.

2.3.17.2. Regulación da pesqueira

- **Embarcacións/mergulladores habilitados/mariscadoras a pé autorizadas (anexo VII):**
 - Embarcacións / mergulladores habilitados: 3 / 6
 - Mariscadoras a pé: 7.
- **Cotas máximas de captura diarias:**
 - Embarcación: 800 unidades por cada mergullador enrolado e a bordo.
 - A pé: 800 unidades por mariscadora.
- **Época de extracción autorizada (2011):** do 16 de marzo ao 31 de outubro cun máximo de:
 - Embarcación: 70 días.
 - A pé: 52 días.

- **Horario de traballo:**
 - Embarcación: dende as 09:00 h ata as 15:00 h.
 - A pé: dende 2 horas antes ata 2 horas despois da baixamar diúrna, sen que se poda exceder das 17:00 horas.
- **Arte/s de pesca:** a pé ou con técnicas de mergullo (subministro de aire dende superficie). Esta última baixo as condicións recollidas neste Plan.
- **Zonas de extracción:** zonas A, B, C, D e dende Lombo da Campa ata punta Insua.

TÁBOA 1: Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros capturados na reserva

| ESPECIE - RECURSO | Período autorizado de extracción | Cotas máximas de captura/día | Talla mínima |
|-------------------|---|---|-----------------|
| Polbo | 3 de xaneiro - 31 de maio 1 de agosto - 30 de decembro | 40 kg por tripulante + 40 kg por embarcación | 1 kg |
| Nécora | 3 - 5 de xaneiro 1 de agosto - 31 de decembro | 40 exemplares por tripulante | 5,5 cm |
| Camarón | 2 - 7 de xaneiro 1 de agosto - 30 de decembro | - | Normativa xeral |
| Choco | Todo o ano | - | 8 cm |
| Centola | 2 - 7 de xaneiro 13 de febreiro - 30 de xuño 11 - 30 de decembro Prohibida a captura de femias no mes de xuño | 30 kg por tripulante | 13 cm |
| Raía | Todo o ano | - | 40 cm |
| Sargo | Todo o ano | - | 22 cm |
| Maragota | Todo o ano | - | 20 cm |
| Faneca | Todo o ano | - | 20 cm |
| Pescada | Todo o ano | - | 27 cm |
| Badexo | Todo o ano | - | 30 cm |
| Congro | Todo o ano | - | 58 cm |
| Sardiña | 1 de maio - 30 de setembro | - | 11 cm |

TÁBOA 2: Resumo das medidas de xestión para os recursos marisqueiros capturados na reserva

| RECURSOS | Modalidade | Nº embarcacións | Nº mariscadores Nº tripulantes Nº mergulladores | Días de extracción | Tope diario / mariscador | Talla mínima |
|-------------|-------------|-----------------|---|--------------------|---------------------------------------|--------------|
| Percebe | A pé | - | 13 | 40 | 5 kg | 15 mm |
| | Embarcación | 9 | 19 | 82 | 5 kg | |
| Ourizo | A pé | - | 14 | 20 | 30 kg | 60 mm |
| | Embarcación | 9 | 24 | 50 | 100 kg máx 300 kg / embarcación | 55 mm |
| Berberecho | A pé | - | 28 | 5 | 10 kg | Norma xeral |
| Ameixa fina | A pé | - | 28 | 5 | 2 kg | 40 mm |
| Longueirón | Embarcación | 6 | 18 | 60 | 15 kg | 100 mm |
| Mexilla | A pé | - | 13 | 70 | * | - |
| | Embarcación | 9 | 19 | 70 | | |
| Lapa | A pé | - | 6 | 25 | 20 kg | 20 mm |
| Poliquetos | A pé | - | 7 | 52 | 800 exemplares | - |
| | Embarcación | 3 | 6 | 70 | 800 exemplares | |

(*) As establecidas segundo os diferentes convenios asinados entre as confrarías e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo, e ata un máximo de 3.500 Kg por batea, sempre e cando o estado do recurso o permita.

TÁBOA 3: Calendario de uso das artes de pesca permitidas

| Arte | xan | feb | mar | abr | mai | xun | xul | ago | sep | out | nov | dec |
|---------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| Nasa (nécora) | / | | | | | | | | | | | |
| Nasa (polbo) | | | | | | | | | | | | |
| Nasa centola | | | | | | | | | | | | |
| Raeira | | | | | | | | | | | | |
| Bicheiro | | | | | | | | | | | | |
| Miños | | | | | | | | | | | | |
| Vetas | | | | | | | | | | | | |
| Palangrillo | | | | | | | | | | | | |

permitida a captura de nécora do 3 ao 7 de xaneiro

Período de pesca prohibido

Período de pesca permitido

TÁBOA 4: Calendario de marisqueo

| Modalidade | xan | feb | mar | abr | mai | xun | xul | ago | sep | out | nov | dec | Días* | |
|-------------------------|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-------|----|
| Percebe a flote | | | | | | | | | | | | | 82 | |
| Percebe a pé | | | | | | | | | | | | | 40 | |
| Ourizo con mergullo | | | | | | | | | | | | | 50 | |
| Ourizo a pé | | | | | | | | | | | | | 20 | |
| Berberecho | | | | | | | | | | | | | 5 | |
| Ameixa fina | | | | | | | | | | | | | 5 | |
| Longueirón con mergullo | | | | | | | | | | | | | 60 | |
| Mexilla a flote | | | | | | | | | | | | | 70 | |
| Mexilla a pé | | | | | | | | | | | | | 70 | |
| Lapa | | | | | | | | | | | | | 25 | |
| Poliquetos con mergullo | | | | | | | | | | | | | | 70 |
| Poliquetos a pé | | | | | | | | | | | | | | 52 |

* Días máximos anuais.

Período de pesca prohibido

Período de pesca permitido

2.4. Regulación da flota: o censo de titulares habilitados para o exercicio da actividade no ámbito da Remip

Para realizar a pesca marítima profesional, o marisqueo a pé e a recollida de ourizo, navalla, poliquetos, percebe e mexilla, os titulares dos permisos que habilitan para o exercicio da actividade pesqueira e marisqueira teñen que estar inscritos nun censo específico.

O censo foi aprobado mediante a Resolución do 10 de maio de 2010 (DOG núm. 103, do 2 de xuño de 2010) en cuos anexos I e II se recolle a relación de embarcacións e mariscadoras censadas.

Este censo está composto por 32 titulares de permisos de marisqueo a pé para o acceso ás praias da Lagoa e Carrofeito e 17 titulares de permisos para o acceso ao percebe, na súa modalidade de a pé.

No caso das embarcacións, o censo está composto por un total de 58 embarcacións pertencentes a 9 portos distintos, que acceden segundo as modalidades.

| | | | | | |
|-------------------|---|--------------|----|----------------|---|
| Camelle | 1 | Lira | 26 | Noia | 5 |
| Corcubiión | 6 | Muros | 7 | O Pindo | 2 |
| Fisterra | 9 | Muxía | 1 | Ribeira | 1 |

No anexo I deste documento achégase a información relativa ás modalidades de pesca para cada embarcación incluída no censo coas que están autorizadas a faenar dentro da Remip.

Este censo actualizarase seguindo o procedemento descrito no punto 1 do artigo 3º da Orde do 27 de novembro de 2007, pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos*, e terase en conta como criterio de selección, ademais da pertenza a portos base máis próximos ao ámbito xeográfico da reserva, no caso de embarcacións, a habitualidade e as capturas realizadas no ámbito da reserva dos titulares que xa estivesen incluídos (artigo 8º.3. do Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro).

Son causas de exclusión do censo:

- a) como resultado da actualización deste;
- b) o incumprimento da normativa de uso e xestión da reserva;
- c) a negativa á realización do control da súa actividade pola Sudirección Xeral de Gardacostas ou polo persoal de seguimento e control adscrito á reserva.

Está prevista a apertura do censo para tres embarcacións durante 2011.

3. O SEGUIMENTO, CONTROL E VIXILANCIA

3.1. O seguimento científico

Dentro do sistema de seguimento, control e vixilancia inclúense as actuacións deseñadas para o cumprimento das medidas adoptadas para a xestión dos recursos e a regulación das actividades pesqueiras e marisqueiras da Remip "Os Miñarzos".

Segundo a FAO (1981), unha definición máis precisa de cada un dos conceptos sería:

- Seguimento: obriga constante de cuantificar as características do esforzo pesqueiro e o rendemento dos recursos.
- Control: condicións normativas nas que pode levarse a cabo a explotación dos recursos.
- Vixilancia: nivel e tipo de observacións necesarias para manter o cumprimento dos controis normativos impostos sobre as actividades pesqueiras.

3.1.1. O equipo técnico e as súas funcións

O equipo técnico traballa en colaboración coa coordinación da reserva. O traballo desenvólvese baixo as pautas e procedementos indicados polo experto científico designado para o asesoramento do Oxesco.

a) Funcións do persoal técnico para o seguimento diario da actividade:

- recollida diaria na lonxa de información relativa á actividade pesqueira e marisqueira: esforzo de pesca, aparellos, especies, volume de capturas, zonas de pesca e caracterización;
- integración e almacenamento da información da actividade diaria coa existente na base de datos da lonxa e coa subministrada polo equipo de vixilancia e provinte dos avisos por teléfono e/ou radio das embarcacións do censo da RMIP;
- realización das mostraxes en lonxa asociadas á actividade extractiva: tamaños, peso, sexo, estado reprodutivo, ...;
- realización de mostraxes a bordo das embarcacións aproveitando a súa actividade habitual: observacións a bordo;
- realización de mostraxes centradas na avaliación das reservas integrais: pescas experimentais;
- análise da información e elaboración de informes semestrais e anuais para o órgano de xestión;
- análise da información e elaboración de informes e comunicacións periódicas para o sector;
- participación activa nos procesos de proposta e revisión de medidas de xestión (reunións, talleres e asembleas co sector).

b) Funcións do persoal técnico de apoio e coordinación:

- planificación e revisión do traballo de seguimento: elaboración de protocolos de recollida de información e mostraxes, deseño de bases para a recollida e almacenamento da información, entrevistas ao sector...;
- apoio na análise e tratamento da información;
- colaboración na elaboración de informes semestrais e anuais para o órgano de xestión;
- colaboración na elaboración de informes e comunicacións periódicas para o sector;
- colaboración nos procesos de proposta e revisión de medidas de xestión;
- asesoramento e consulta con especialistas externos.

3.1.2. A análise dos datos e indicadores anuais empregados

É importante que os datos aparezan asociados a localizacións precisas dentro do posible, para pouco a pouco poder incrementar o coñecemento e facer análises espaciais dos recursos dentro da Remip.

A información recollida nos distintos bloques, analízase periodicamente, obtendo indicadores que permiten seguir a evolución do estado das pesqueiras na Remip.

Os principais indicadores empregados son:

- porcentaxe de uso ou asiduidade á Remip das persoas / embarcacións do censo para cada modalidade de pesca;
- capturas diarias totais (en kg ou nº de individuos);
- esforzo diario: nº persoas, embarcacións, tripulantes, caceas, nasas, anzois... por unidade de tempo (normalmente xornada de pesca);
- Capturas por Unidade de Esforzo (CPUE): Nº ou peso de capturas / nº persoas, embarcacións, tripulantes, nasas, lonxitude do aparello ...;
- talla e/ou peso medio das capturas;
- estrutura de clases de talla;
- proporción de sexos, estados de maduración, ...;
- prezos medios de venda e ingresos totais por especie/modalidade de extracción.

As mostraxes en bancos marisqueiros, observacións a bordo e pescas experimentais, aportan información adicional que permite describir o xeito de traballo, as zonas de pesca ou bancos marisqueiros, así como cuantificar o peso/número de descartes ou capturas accidentais, subprodutos da pesca, etc.

3.1.3. A elaboración e os contidos dos informes

Unha vez recompilados e analizados os datos, elaboraranse informes periódicos, como mínimo semestrais e anuais, orientados a dous principais grupos de destinatarios:

- a) Ao sector que forma parte do censo da Remip e mantén actividade nela. Neste caso, realízanse dous tipos de informes:
- informes persoais sobre a actividade de cada persoa ou embarcación, que se entregan en papel a cada persoa;
 - informes xerais, sobre a actividade na reserva ou dunha pesqueira en concreto, que se expoñen na lonxa e na confraría.
- b) Ao órgano de xestión, administración e outros técnicos interesados, presentando os seguintes contidos e representacións gráficas das análises feitas:
- introdución e obxectivos;
 - recompilación de normas e medidas de xestión vixentes na reserva;
 - descrición da situación actual: incidencias, aspectos destacables, proposta de melloras, etc;
 - seguimento biolóxico da actividade marisqueira a pé:
 - descrición da actividade do censo da reserva de marisqueo a pé;
 - análise de capturas e esforzo;
 - análise de tamaños.
 - seguimento biolóxico da actividade pesqueira profesional:
 - actividade da frota do censo na reserva;
 - alternancia aparellos dentro da reserva;
 - diversidade das capturas: punto de control e lonxa;
 - análise dos principais recursos por modalidade de pesca (nasa polbo, percebe, ourizo, miños, bicheiro e nasa centola, palangrillo, vetas e xeito).
 - anexos: seguimento biolóxico da actividade pesqueira profesional:
 - informes de comunicación co sector;
 - informes das mostraxes e observacións a bordo;
 - informes das mostraxes e pescas experimentais con nasa polbo na Remip.

3.2. As medidas de control na reserva

3.2.1. O control das entradas e saídas

As actividades pesqueiras e marisqueiras permitidas no ámbito da reserva poden desenvolverse nunha mesma xornada de traballo dentro ou fóra dos seus límites, por iso establécese un protocolo de control para a entrada e saída da zona da reserva a fin de ter constancia do esforzo realizado.

Para facilitar as labores de seguimento e control da actividade pesqueira e/ou marisqueira, os armadores das embarcacións inscritas no censo deberán permitir a instalación nas embarcacións de dispositivos electrónicos para o seguimento da frota. Mentres non se dispoña do sistema de seguimento, as embarcacións, calquera que sexa o seu porto base, que se dispoñan a entrar no ámbito da reserva teñen que comunicar co coordinador da reserva (por VHF ou teléfono) para transmitirle a seguinte información:

- nome da embarcación;
- hora de entrada;
- zona de acceso á reserva e/ou situación xeográfica;
- de ser o caso, as capturas efectuadas noutras zonas de pesca coas que entra na reserva.

No caso de que se dispoñan a saír dos límites da reserva, os datos que teñen que comunicar son:

- nome da embarcación;
- hora de saída;
- zona de saída da reserva e/ou situación xeográfica;
- número de artes que deixen caladas e, de ser o caso, declarar as capturas efectuadas dentro da reserva.

Os profesionais que realizan a súa actividade a pé, e que entren ou saian do ámbito da reserva deberán declarar as capturas, tanto as de fóra como as de dentro, no punto de control establecido.

3.2.2. O control das descargas

O elemento clave do seguimento dos desembarques é o establecemento dun **punto de control** para a recompilación de datos fiables sobre o estado dos recursos e comprobar o cumprimento das medidas de xestión vixentes nas augas da reserva e, noutro caso, as establecidas pola normativa xeral: pesaxe de todas as capturas, topes fixados, tallas mínimas, exemplares ovados,...Para isto, no punto de control o persoal encargado do seguimento técnico biolóxico recompilará información adicional, pero imprescindible para coñecer o esforzo pesqueiro que realmente se está aplicando: número de caceas, zonas de largado, tempo de permanencia no mar, ...

Toda esta información é fundamental para que o equipo de seguimento científico da reserva poida analizar e valorar a influencia das medidas de ordenación e xestión sobre os recursos pesqueiro e marisqueiros, e servirá de base á hora de elaborar os informes técnicos que se remitirán ao Oxesco para, no seu momento, propoñer novas medidas e/ou modificacións das xa existentes.

Nos informes do seguimento científico da reserva non figurará información de xeito nominal, polo que non se incluírán nomes de embarcacións ou de mariscadoras.

3.2.3. O protocolo do punto de control

- a) é obrigatorio que todas as capturas que se descarguen no porto de Lira pasen polo punto de control establecido na lonxa do peirao de Portocubelo;
- b) os profesionais que realizan a súa actividade a pé, e que entren ou saian do ámbito da reserva deberán declarar as capturas, tanto as de fóra como as de dentro, no punto de control establecido.

As únicas excepcións permitidas son para as capturas de ourizo e mexilla que, polo gran volume das descargas, pasarán o control no mesmo punto de descarga: a rampla norte do porto de Lira.

Ademais de todo o anterior, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar por parte do servizo de vixilancia da reserva.

3.3. A vixilancia da reserva

3.3.1. Dotación e funcións

O equipo de vixilancia está formado por 3 patróns e 4 gardapescas que dispoñen dunha embarcación e un coche.

Son funcións do servizo de vixilancia da reserva:

- a) a vixilancia e control rutinarios de todas as actividades que teñan lugar dentro da reserva, xa sexa pesca de baixura, marisqueo, pesca submariña ou mergullo deportivo, con especial atención ás reservas integrais, así como aos puntos de control que se establezan dentro da reserva en xeral;
- b) prever a comisión de actividades ilícitas na reserva mariña, controlando as capturas e a documentación, levantando acta das infraccións;
- c) realizar controis aleatorios no mar ás diferentes embarcacións;
- d) colaborar coa inspección pesqueira e os corpos e forzas de seguridade do Estado, en calidade de axentes auxiliares da autoridade, así como utilizar os dispositivos de alarma establecidos;
- e) intervir, de acordo á lexislación, nos casos de sinistros e accidentes en xeral no mar.

4. OS ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS: O MONITOREO SOCIAL

O monitoreo social está concibido como un método de análise para a identificación e valorización de indicadores sociais no escenario da Remip (usuarios directos e poboación local). Algúns destes indicadores, exprésanse en termos de:

- grao de visibilidade da Remip na poboación local e usuarios. En todos os indicadores verase transversalmente a variable de xénero, e lugar de procedencia;
- valor comparativo da Remip dende o punto de vista dos diferentes actores sociais (pescadores e poboación local);
- valoracións e importancia comparativa da Remip entre diferentes pesqueiras: ourizo, percebe, longueirón, artes de enmalle e nasas;
- valoracións comparativas entre os diferentes sectores económicos: sector pesqueiro, sector servizos e turístico, comercializadores de peixe, etc.;
- niveis de satisfacción dos usuarios en relación ao tipo de pesqueira;
- identificación e clasificación dos tipos de problemáticas sociais que se perciben no escenario da Remip entre os diferentes actores;
- percepción do *efecto reserva* nas diferentes pesqueiras;
- identificación e clasificación dos cambios positivos ou negativos que percibiron e poden ser asignados á creación da Remip;
- valoración comparativa dos pescadores respecto ao período previo á creación da Remip e o momento actual;
- o papel do órgano de xestión na Remip.

A posibilidade de medir o grao e valor de indicadores como: niveis de visibilidade, coñecemento, conflictividade, satisfacción, etc., dos usuarios e da poboación local así como unha valoración da situación previa á creación da Remip e da actual, debería poder orientar no deseño de futuras estratexias tanto a nivel de comunicación como de reforzo naqueles aspectos máis débiles que emanen deste monitoreo.

Outra das formulacións que se pretenden é establecer unha comparativa entre a análise e diagnóstico sobre o estado da Remip actualmente e a percepción dos usuarios.

As fontes principais para este diagnóstico da implantación da REMIP son fontes primarias mediante a aplicación dunha análise cuantitativa a través dun cuestionario e dunha análise cualitativa baseada en entrevistas en profundidade.

5. AS INVERSIÓNS E O FINANCIAMENTO

| | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 |
|---------------------------------|------------|------------|------------|-----------|
| WWF - ADENA | 127.650,00 | 134.500,00 | 167.124,00 | |
| Sinalización | 45.887,35 | | | |
| Mantemento e vixilancia | 59.269,54 | 529.856,59 | 519.163,24 | |
| Convenios coa confraría de Lira | | | 30.000,00 | 30.000,00 |